

Programa de Actividades de Formación Continua
 Outubro - Novembro 2017

9 outubro

Curso de Benestar Animal Zootécnico (BAZ)

Desenvolverase durante os días **9, 10, 11, 16 e 17 de outubro**, en horario de 9,00 a 14,00 h. Asisten os alumnos de 1º curso de Gandaría e Asistente en Sanidade Animal. Hai algunhas prazas dispoñibles para profesionais.
 A realización do mesmo permite acadar os certificados oficiais de BAZ para poder exercer a actividade gandeira e de transportista de animais vivos

19 outubro

Micoloxía: Aproveitamento e gastronomía

Este ano as actividades de micoloxía están previstas para os días **19, 20 e 21 de outubro**.
 O xoves 19 (de 17 a 19,00 h) haberá unha charla sobre micorrizado; o venres 20, (de 17 a 19,00 h) haberá unha presentación sobre os tipos de cogomelos na comarca; e o sábado 20 (de 10,30 a 14 h) realizarase un roteiro micolóxico, seguido dunha clasificación dos cogomelos recollidos e unha desgustación dos mesmos no almorzo.

25 outubro

Xornada de Alimentación de vacún de leite

Programada para o mércores **25 de outubro**. Pola mañá ponencias en Fonteboa e pola tarde, una visita para estudo de casos concretos. Trátase de mellorar a eficiencia na alimentación a través do uso eficiente do carro mezclador. Organízase coa colaboración dos servizos técnicos de Feiraco SCG.

25 outubro

Xornadas sobre ruralidade e emprego

Programadas para os días **25 e 26 de outubro**. Preténdese estudar os principios do desenvolvemento rural sostible e coñecer iniciativa emprendedoras desenvolvidas a partir dos recursos locais.

10 novembro

**Visita a Biocultura, en Madrid
 (Feira Internacional de produtos ecolóxicos e consumo responsable)**

Biocultura é a feira de produtos ecolóxicos mais importante de España polo número de expositores e visitantes. Na edición de 2017 (**10, 11, 12 de novembro**) realizaremos unha visita á mesma. Poden participar as persoas interesadas na temática da feira.

22 novembro

**Xornada sobre instalacións gandeiras:
 Restauración e aproveitamento de instalacións antigas**

Terá lugar o mércores **22 de novembro**: pola mañá, ponencias sobre edificacións e benestar zootécnico; e pola tarde visita a unha granxa para analizar os aspectos relativos a adaptacións das instalacións para garantir as condicións de benestar animal. Organízase en colaboración con Ferrocarril SL.

25 novembro

Xantar Solidario

Para o sábado **25 de novembro** esta programado o Xantar Solidario. Ao igual que en anos anteriores este xantar pretende promocionar os produtos locais de calidade e fomentar a solidariedade. A recadación irá destinada a Cáritas Interparroquial de Bergantiños, Red Madre e a AIMFR (Asociación Internacional de Movimientos Familiares de Formación Rural) con motivo da Xornada de Solidariedade da AIMFR (axuda a proxectos en países subdesenvolvidos ou en vías de desenvolvemento)

Oct-Dec

Aula Aberta de Formación e Investigación Apícola

Aínda que non dotada con todo o equipamento necesario, a AFIA xa está a funcionar e, aparte das tarefas da esmelga e limpeza de cadros e colmeas, están programados obradoiros sobre métodos de loita contra a velutina

4 dec.

Xornadas de reprodución animal

Previstas para os días **4 e 5 de decembro**, terán os seguintes contidos: Inseminación artificial e transplante de embrións. Colaboran varias explotacións gandeiras da zona.

13 decembro

**Xornada sobre Xestión de vacún de leite:
 O minifundio en positivo**

Prevista para o mércores **13 de decembro** en horario de 11 a 18,00 h, na presente edición incidirase nos puntos críticos dos modelos de produción de leite de Galicia: condicionantes estruturais e alternativas para establecer un modelo de produción sustentable e de futuro. Pola tarde haberá unha visita técnica a unha explotación para analizar in situ o posicionamento empresarial nun contexto determinado. Organízase en colaboración con Caixabank